

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLN/2021/11 | O Pleno |











DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|--|
| Tipo Convocatoria | Extraordinaria urgente Motivo: «EN CUMPRIMENTO COS PRAZOS LEGALMENTE ESTABLECIDOS PARA A RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA CIG CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 03/06/2021 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RPT.» |
| Data | 19 de agosto de 2021 |
| Duración | Desde as 21:05 ata as 21:36 horas |
| Lugar | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| Presidida por | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN (Alcalde accidental, segundo Decreto de delegación n.º 2021-1003) |
| Secretaria | María Jesusa Fernandez Bascuas |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|------------|-----------------------------------|--------|
| [REDACTED] | ALFONSO FIGUEIRAS REY | SÍ |
| [REDACTED] | AMALIA GOLDAR CORA | NON |
| [REDACTED] | AMALIA LAGO DURAN | NON |
| [REDACTED] | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ |
| [REDACTED] | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| [REDACTED] | CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora) | NON |
| [REDACTED] | GONZALO LOUZAO DONO | SÍ |
| [REDACTED] | IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN | SÍ |
| [REDACTED] | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | NON |
| [REDACTED] | JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| [REDACTED] | JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA | SÍ |
| [REDACTED] | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |



| | | |
|--|-------------------------------------|----|
|  | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |
|  | LUIS LOPEZ BUENO | SÍ |
|  | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |
|  | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
|  | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
|  | MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
|  | M ^ª DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
|  | OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS | SÍ |
|  | PATRICIA CARRACEDO DURAN | SÍ |
|  | SUSANA CAMBA CASTRO | SÍ |
| <p>Escusas de asistencia presentadas: 1. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS: «Decreto de delegación de funcións nº 2021-1003»</p> | | |

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Explica o presidente desta sesión que a urxencia da convocatoria débese ao cumprimento dos prazos legalmente establecidos para a resolución do recurso de reposición interposto pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo plenario de 3 de xuño de 2021, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo deste Concello.

Non habendo intervencións, procédese á votación, sendo aprobada a urxencia por unanimidade.

Expediente 3678/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA CIG CONTRA ACORDO PLENARIO DE 3 DE XUÑO DE 2021

Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria
 A favor: 10, En contra: 1, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal e voceiro do Partido Popular, **D. Alberto M.**



Blanco Carracedo, quen pasa a explicar a proposta que se somete neste punto para a súa aprobación; para elo di que contra acordo plenario do pasado mes de xuño, polo que se aprobaba definitivamente a Relación de Postos de Traballo (RPT), interpúxose pola Confederación Intersindical Galega (CIG) recurso de reposición para a suspensión cautelar do nomeado acordo, baseándose en:

“a) lesionou os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional dos empregados públicos (indefensión dos afectados, arbitrariedade, discriminación, ausencia de motivación, vulneración dos dereitos fundamentais dos mesmos, ausencia de transparencia, agravios económicos entre os empregados, desigualdades, heteroxeneidade retributiva, subxectividade do instrumento aprobado, etc.)

b) foi ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (omisión de informes preceptivos – por exemplo, o da propia Secretaría -, omisión do trámite de información pública, etc.); e,

c) foi contrario ao ordenamento xurídico de xeito que propiciou ou vai propiciar a adquisición de facultades ou dereitos retributivos carecendo dos requisitos esenciais para iso (transgresión dos límites e normas orzamentarios, quebranto dos límites legais retributivos previstos para o complemento específico dos postos de traballo, obstaculización ao control de legalidade do instrumento aprobado, ausencia de veracidade e/ou insuficiencia dos feitos determinantes que operaron como presuposto das valoracións efectuadas, etc.)”

E, á vista do informe emitido pola Sra. Secretaria, as condicións sinaladas pola CIG non se dan, porque a suspensión cautelar é unha medida excepcional contemplada pola Lei, e neste caso non se dan os requisitos para acceder a esta suspensión, e, polo tanto, a proposta que se somete hoxe a aprobación é a desestimación do recurso de reposición interposto.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que o seu grupo non está de acordo co manifestado polo Sr. Blanco Carracedo por entender que no devandito recurso de reposición, a parte da suspensión cautelar, tamén se pide unha nova valoración dos postos de traballo, lembra que no dito recurso se basea en tres cousas, unha delas en: *“lesionou os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional dos empregados públicos (indefensión dos afectados, arbitrariedade, discriminación, ausencia de motivación, vulneración dos dereitos fundamentais dos mesmos, ausencia de transparencia, agravios económicos entre os empregados, desigualdades, heteroxeneidade retributiva, subxectividade do instrumento aprobado, etc.)”*; e, a pesares de que o recurso ven argumentado dun xeito moi sucinto e que podería estar máis desenvolvido, tamén é certo que tanto o informe de Secretaría como a proposta de resolución que se somete hoxe a aprobación teñen cuestións que hai que puntualizar, así o texto do recurso aduce a unhas posibles lesións que, segundo os nomeados informe e proposta, non veñen cuantificadas e, ademais, veñen mesturados posibles lesións presentes con futuras, entende que a proposta debería entrar máis no fondo do recurso e defender a redacción da RPT mediante argumentos que aclaren se se dan ou non esas lesións aos dereitos dos empregados/as públicos e demostrando que non existen e defendendo a súa postura.

En canto á observancia ou non do procedemento, critica o informe de Secretaría e que se pronuncia en igual forma aos outros emitidos sobre o procedemento a seguir, sinalando que non cabe unha aprobación definitiva e que debería seguir o procedemento sinalado no artigo 202 da Lei de Emprego Público de Galicia, sen embargo a proposta de resolución di que, como se solicitaron informes a Secretaría, si se observou o procedemento, o que é falso, porque,



atendendo ao devandito artigo 202 e aos informes de Intervención, non se sigue o procedemento marcado e que, en ningún caso, pasaba por esa aprobación definitiva; polo anterior, obsérvase que o grupo de goberno non respecta o devandito artigo, facendo unha interpretación curiosa do Fallo da Sentenza para poder defender esta proposta de resolución.

Así mesmo, di que neste expediente dáse unha situación moi curiosa, porque estamos ante a resolución dun recurso de reposición contra aprobación definitiva da RPT, ao mesmo tempo que se está a negociar a modificación deste documento, crendo que xa hai un acordo con dúas forzas sindicais, ou sexa, que se está a facer esta manobra cando aínda non hai resolución xudicial no procedemento de execución que diga se está ou non ben executado, sen esquecer as alegacións existentes e a solicitude do expediente por parte da Subdelegación do Goberno e a previsión da interposición de novos recursos á aprobación definitiva desta RPT porque non podemos esquecer que aínda esta o prazo aberto para elo, de feito cre que foi interposto outro recurso de reposición días atrás e que está mellor argumentado.

Continúa dicindo que o proceder do grupo de goberno na resolución deste recurso deixouse moi claro na sesión da Comisión Informativa e, sen embargo, hoxe non se manifestou nos mesmos termos, porque alí deixaba constancia da preocupación sobre a imaxe que podería dar a vontade de cumprimento ou incumprimento do procedemento de execución, polo que observa que o principal obxecto do grupo de goberno non é responder aos intereses dos traballadores nin á legalidade vixente, senón que é rematar este asunto canto antes, sobre todo polos conflitos que xeraron co persoal municipal durante todos estes anos de goberno e que é a peor herdanza que deixan a este Concello.

No que respecta á parte xurídica do recurso, considera que este podería vir mellor argumentado e traer cuantificados os prexuízos que dende a CIG se ven en determinados postos de traballo e que o grupo de goberno quere medio solucionar mediante a modificación da RPT que está a negociar.

Por todo o argumentado, di que o seu grupo vaise abster na votación por non ter un fundamento xurídico máis sólido para defender outra postura, estando atento a outros procedementos que se abrirán sobre este tema, tales como a resolución do recurso de reposición interposto polo Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros e ao de execución, sen esquecer que a Subdelegación do Goberno ten o expediente no seu poder.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para pasarlle a palabra ao concelleiro do seu grupo Sr. Sanmartín Eirín.

Intervén o Concelleiro do grupo municipal de MÓVETE, **D. Iván Sanmartín Eirín**, trasladando que o seu grupo se absterá na votación por dous motivos, o primeiro é porque na petición de efectuar unha nova valoración dos postos de traballos a CIG non se fundamenta suficientemente e por iso carece de información necesaria como para poder valorala, ademais de que o recorrente fai esta petición sen solicitar a nulidade do acordo de maneira expresa; ante o dito considera que a forma xurídica que debería utilizarse é a petición da nulidade e a elaboración dunha RPT e despois, subsidiariamente, pedir a suspensión en caso de non concedela.

En canto á segunda causa que motiva á abstención na votación, di que no que se refire á solicitude da suspensión cautelar, no informe de Secretaría dise que a corporación deberá de ponderar tendo en conta os intereses de todos os traballadores do Concello e da propia administración municipal, sen embargo na proposta de resolución non existe unha ponderación





debidamente xustificada, nin se analizan estes prexuízos, nin se realizar ningún tipo de cuantificación e, polo tanto, se carece da información adecuada para emitir un xuízo de valor á hora da votación desta proposta.

Finalmente, di que coincide con algúns dos argumentos manifestados polo voceiro socialista.

Toma a palabra a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para lembrar que nos debates de aprobación da RPT advertira de que se estaba a pechar unha negociación en falso e as negociacións cos traballadores/as son sempre moi difíciles e requiren de moitas reunións onde sempre teñen que ceder ambas as dúas partes ata chegar a un acordo satisfactorio, sendo obvio que isto non aconteceu así, polo que se pechou o procedemento en falso e con moitos lodos, sendo previsible que ían a xurdir problemas e denuncias e unha delas é este recurso que temos hoxe para resolver enriba da mesa.

Di que o recurso de reposición da CIG non ten unha redacción suficientemente clara e completa, aínda así entende por onde quere ir e que é chegar aun acordo satisfactorio para todas as partes e non a ese acordo plenario que foi unha imposición do grupo de goberno.

A pesares de todo, traslada o voto a favor do seu grupo á proposta de resolución que estamos a tratar por considerar que o recurso non está o suficientemente fundamentado a nivel xurídico. Sen embargo considera que si se pode chegar a un acordo beneficioso para a administración e para os seus traballadores, mediante a elaboración dunha nova valoración da RPT, tal e como pide a CIG, entendendo que pode ser moi dificultoso para o Concello, pero tamén é certo que deriva dun peche en falso.

Intervén novamente o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, aclarando que foron moitas as reunións celebradas para a negociación da RPT e, resultado delas, é o documento aprobado no Pleno do 3 de xuño pasado e que demostra a sintonía co 80% da representación sindical deste Concello. Por outra banda, di que é fácil falar do traballo dos demais, pero non é fácil negociar un tema tan difícil como unha relación de postos de traballo, sobre todo cando hai división entre os traballadores; en todo caso o grupo de goberno defende a súa posición e as decisións tomadas en canto á aprobación definitiva deste documento, sobre todo cando hai unha Sentenza de por medio e que hai que cumprir.

En canto aos danos aos que se refire o recurso da CIG, considera que estes deberían de ser cuantificados e demostrando a súa existencia, non sendo o grupo de goberno o que ten que defenderse cando non existe unha valoración dos mesmos.

No que respecta ás abstencións dos grupos socialista e de MOVETE, chámalle a atención, porque hai momento en que se deben de tomar posicións e decisións e non meter a cabeza debaixo da ala.

Para rematar, di que todo acto é susceptible de ser recorrido en vía administrativa ou xudicial, non dependendo de se o grupo de goberno o fai ben ou mal, senón do punto de vista dos interesados; porque sabemos que todo partiu dunha Sentenza que entende desafortunada e que non contenta á totalidade dos traballadores/as pero que hai que cumprir e, grazas á boa sintonía cos sindicatos, adoptouse o compromiso con tres deles (que representan ao 80% dos traballadores/as) a levar a cabo a unha modificación da RPT despois da súa aprobación definitiva, pero un sindicato non apoia esta decisión presentando agora un recurso de reposición onde non aparecen acreditados nin cuantificados os prexuízos que din que se causa aos traballadores municipais, por iso o grupo de goberno entende que non ten recorrido e que quere esquivar a execución da Sentenza, por iso non existe unha base xurídica para estimar este



recurso.

Volve a pedir a palabra o **Sr. López Bueno** para lembrar, en relación coa carencia de fondo na argumentación da proposta de resolución, que o grupo de goberno debería de defender o seu traballo e demostrar que non se producen esas lesións aos dereitos dos traballadores públicos e ás que fai referencia o recurso, considerando que esa decisión é máis de índole política que xurídica, pensando que si non entrar nese tema é porque non teñen a forma de defender a súa postura, xa que coñecen á perfección cales son os prexuízos que se crean, sinal diso é a modificación que están a negociar con eses tres sindicatos que din que representan ao 80% dos traballadores, algo que xa se verá onde acaba.

En canto ou cumprimento ou non do procedemento, reitera que non se cumpre co indicado nos informes de Intervención e de Secretaría, nin co que indica a propia Lei; polo dito, estase a incumprir a Lei de Emprego Público de Galicia. Por outra banda, falan de cumprir o auto da Sentenza, pois neste se di que a RPT está en vigor dende o ano 2016, polo que agora só falta ver a resolución dese procedemento de execución.

Finalmente, di que xa se verá como acaba este recurso na vía contenciosa e as decisións que se tomen en vía xudicial estarán moi por riba das que se tomen politicamente.

Fai referencia á RPT sometida a un Pleno no ano 2010 e que o PP votara en contra, o cal viña avalado polo 100% dos sindicatos, e así sacar rendemento político, e agora se ven nesta tesitura, multiplicando os problemas debidos, sobre todo, á falta de capacidade do grupo de goberno actual neste tema.

COMEZA UN DEBATE ENTRE O SR. BLANCO CARRACEDO E O SR. LÓPEZ BUENO QUE NADA TEN QUE VER COA PROPOSTA QUE SE TRATA NESTE PUNTO.

Remátase coa votación deste asunto, adoptándose polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e Mixto (BNG), e as abstencións dos grupos do Partido Socialista e MOVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 12/08/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o recurso de reposición interposto pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo deste Concello, adoptado polo Pleno en data 3 de xuño de 2021, no que se solicita a suspensión cautelar da execución do mesmo, baseado en:

“a) lesionou os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional dos empregados públicos (indefensión dos afectados, arbitrariedade, discriminación, ausencia de motivación, vulneración dos dereitos fundamentais dos mesmos, ausencia de transparencia, agravios económicos entre os empregados, desigualdades, heteroxeneidade retributiva, subxectividade do instrumento aprobado, etc.)

b) foi ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (omisión de informes preceptivos – por exemplo, o da propia Secretaría -, omisión do trámite de información pública, etc.); e, c) foi contrario ao ordenamento xurídico de xeito que propiciou ou vai propiciar a adquisición de facultades ou dereitos retributivos carecendo dos requisitos esenciais para iso (transgresión dos límites e normas orzamentarios, quebranto dos límites legais



retributivos previstos para o complemento específico dos postos de traballo, obstaculización ao control de legalidade do instrumento aprobado, ausencia de veracidade e/ou insuficiencia dos feitos determinantes que operaron como presuposto das valoracións efectuadas, etc.)”

Visto o artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que di:

“1. A interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que una disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaríaa ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata da execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

b) Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei.”

Visto o informe de Secretaría de data 12 de Agosto de 2021.

Visto o Auto 106/2020, do 23 de novembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 16/08/2021.

Visto o debatido nesta sesión.

Adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Desestimar o recurso de reposición interposto pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo do Pleno de data 3 de xuño de 2021 de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo, polos seguintes motivos:

Primeiro.- Tal e como se indicaba nos antecedentes da presente proposta o recurso baseábase en que o acordo:

“a) lesionou os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional dos empregados públicos (indefensión dos afectados, arbitrariedade, discriminación, ausencia de motivación, vulneración dos dereitos fundamentais dos mesmos, ausencia de transparencia, agravios económicos entre os empregados, desigualdades, heteroxeneidade retributiva, subxectividade do instrumento aprobado, etc.)

b) foi ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (omisión de informes preceptivos – por exemplo, o da propia Secretaría -, omisión do trámite de información pública, etc.); e, c) foi contrario ao ordenamento xurídico de xeito que propiciou ou vai propiciar a adquisición de facultades ou dereitos retributivos carecendo dos requisitos esenciais para iso (transgresión dos límites e normas orzamentarios, quebranto dos límites legais retributivos previstos para o complemento específico dos postos de traballo, obstaculización ao control de legalidade do instrumento aprobado, ausencia de



veracidade e/ou insuficiencia dos feitos determinantes que operaron como presuposto das valoracións efectuadas, etc.)”

O informe de Secretaría é claro ao respecto cando indica: *“En relación a omisión de informes preceptivos indicar que esta Secretaria emitiu dous informes segundo consta no expediente.*

- En data 06 de abril de 2021 informe relativo a tramitación que debería levar a cabo o documento da RPT no que se fixo un pronunciamento claro sobre a tramitación.

- En data 03 de maio de 2021, informe emitido a petición dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, MOVETE e BNG onde se realizan pronunciamentos sobre diferentes aspectos da Relación de Postos de Trabajo.

Constan tamén informes da Intervención municipal.”

Queda claro, polo tanto, que o acordo non se adoptou prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido tal e como indican os recorrentes.

Ademais, non debemos esquecer que o acordo se adopta en virtude dun procedemento de execución de sentenza que se está a seguir ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que obrigaba a introducir unha serie de modificacións na Relación de Postos de Trabajo previos á aprobación definitiva. E eso foi precisamente o acordo que se adoptou aos efectos de cumprir coa sentenza ditada no seu día nos seus propios termos.

Segundo.- Solicitan os recorrentes a suspensión cautelar da execución do acto, pero tal e como indica o informe de Secretaría: *“respecto a la solicitud de suspensión da execución do acto, o artigo 117 da LPAC, aplicable ao presente suposto, exige, para conceder dita suspensión, que esta cause ao recorrente prexuízos de difícil ou imposible reparación, se ben a carga da proba destes prexuízos e a súa irreversibilidade corresponde a quen solicita e quere facer valer este dereito (Sentenza do TS de 16/10/1980).”*

O recurso presentado non xustifica en que medida se causarían prexuízos de difícil ou imposible reparación tal e como esixe a Sentenza do Tribunal Supremo citada no informe de Secretaría, trasladándolle ao recorrente a carga da proba.

Ademais a suspensión dun acto administrativo ten un carácter excepcional non sendo suficiente invocar un prexuízo de difícil ou imposible reparación sen identificalo.

Finalmente, non se debe esquecer, como se indicaba con anterioridade, que o acordo plenario adóptase en virtude dun incidente de execución que se segue ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra. O Xulgado é coñecedor de todo o expediente da RPT e, a pesares do alegado polos recorrentes, ordenou a aprobación definitiva do documento previa a introdución dunha serie de modificación, indicándose expresamente *“continúese la presente ejecución, a los efectos de dar estricto cumplimiento a lo ordenado en la sentencia citada, y requiriéndose al Concello de A Estrada que lo lleve a efecto en el plazo máximo de dos meses desde la notificación de esta resolución, con el apercibimiento de adopción de las medidas previstas en el artículo 112 LJCA en el caso de incumplimiento”*

Levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e seis minutos do día do seu comezo.





Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4HH73WZ5X7NEHSVKWH7ARWNR | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9